

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

- 1647** *Orde AAA/198/2014, do 12 de febreiro, pola que se modifican o anexo VII do Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais; os anexos V e VI do Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro; o anexo único do Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas hortícolas; así como os anexos I e II do Regulamento técnico de control da produción e comercialización de chantóns de hortalizas e material de multiplicación de hortalizas distinto das sementes.*

O Código internacional de nomenclatura botánica (CINB) foi revisado no que se refire ao nome botánico da especie tomate.

Pola presente orde incorpórase ao ordenamento xurídico interno a Directiva de execución 2013/45/UE da Comisión, do 7 de agosto de 2013, pola que se modifican as directivas 2002/55/CE e 2008/72/CE do Consello, e a Directiva 2009/145/CE da Comisión, no que se refire ao nome botánico do tomate.

Por iso faise necesario modificar o número 1 do anexo VII do Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais, aprobado polo Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro. A modificación lévase a cabo mediante orde con base na habilitación normativa contida na disposición derradeira cuarta do Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro, que faculta o titular deste departamento para modificar os seus anexos.

Por outra banda, modifícanse os anexos V e VI do anexo único do Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, aprobado pola Orde do 23 de maio de 1986, o anexo único do Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas hortícolas, aprobado pola Orde do 1 de xullo de 1986, e os anexos I e II do Regulamento técnico de control da produción e comercialización de chantóns de hortalizas e material de multiplicación de hortalizas distinto das sementes, aprobado pola Orde do 28 de outubro de 1994 para, en todos eles, substituír o nome botánico do tomate.

Na elaboración da presente orde foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Modificación do Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais, aprobado polo Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro.*

O Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais, aprobado polo Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro, queda modificado como segue:

No número 1 do anexo VII substitúese o nome botánico: Tomate: *Lycopersicon esculentum* Mill, por Tomate: *Solanum lycopersicum* L.

Artigo 2. *Modificación do Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, aprobado pola Orde do 23 de maio de 1986.*

O Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, aprobado pola Orde do 23 de maio de 1986, queda modificado como segue:

Nos anexos V e VI do anexo único substitúese o nome botánico *Lycopersicon esculentum* Mill por *Solanum lycopersicum* L.

Artigo 3. *Modificación do Regulamento técnico de control e certificación de sementes e plantas hortícolas, aprobado pola Orde do 1 de xullo de 1986.*

O Regulamento técnico de control e certificación de sementes e plantas hortícolas, aprobado pola Orde do 1 de xullo de 1986, queda modificado como segue:

No anexo único, epígrafe I, substitúese o nome botánico *Lycopersicon esculentum* Mill por *Solanum lycopersicum* L.

Artigo 4. *Modificación do Regulamento técnico de control da produción e comercialización de chantóns de hortalizas e material de multiplicación de hortalizas distinto das sementes, aprobado pola Orde do 28 de outubro de 1994.*

O Regulamento técnico de control da produción e comercialización de chantóns de hortalizas e material de multiplicación distinto das sementes, aprobado pola Orde de 28 de outubro de 1994, queda modificado como segue:

Nos anexos I e II substitúense os nomes botánicos *Lycopersicon esculentum* Mill e *Lycopersicon lycopersicum* por *Solanum lycopersicum* L.

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao dereito español a Directiva de execución 2013/45/UE da Comisión, do 7 de agosto de 2013, pola que se modifican as directivas 2002/55/CE e 2008/72/CE do Consello, e a Directiva 2009/145/CE da Comisión polo que se refire ao nome botánico do tomate.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 12 de febreiro de 2014.–O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, Miguel Arias Cañete.